



ACTA N.º 4: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS DA SEGUNDA PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN, APROBACIÓN DAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DA PROBA E APERTURA PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DA FASE DE CONCURSO.

Reunión do Tribunal cualificador

En Cee, ás 13:32 horas do 16 de setembro de 2026, reúnen-se nas dependencias do Concello de Cee as persoas integrantes do tribunal cualificador do proceso selectivo:

CARGO	NOME E APELIDOS
Presidenta	Rocío Hermida Cancela
1.º vogal	Rosa María Fernández Canosa
2.º vogal	María Emilia García Maneiro*
3.º vogal	Víctor Manuel Prieto Argüelles*
Secretario	Juan Carlos Santabaya Louzán

**O 2º e 3º vogal participan de forma telemática.*

O obxecto da reunión é a resolución das alegacións presentadas ás puntuacións provisionais da segunda proba da fase de oposición e a aprobación das puntuacións definitivas da mesma e a apertura do prazo de aportación de documentación para a fase de concurso.

1. Antecedentes

Primeiro. Mediante o Decreto número 304/2026, do 27 de marzo de 2026, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 63, do 7 de abril de 2026.

Segundo. O 20 de agosto de 2026 celebrouse a segunda proba da fase de oposición, consistente na resolución por escrito dun suposto práctico sobre o contido do anexo II, parte IV, «Administración de recursos humanos», cunha duración máxima de dúas horas. O exercicio cualifícase de 0 a 10 puntos e é necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro. Na sesión do 27 de agosto de 2026 o Tribunal corrixiu os exercicios e aprobou as cualificacións provisionais seguintes: LVS, 1,30 puntos; SPJA, 6,01 puntos; CSA, 5,00 puntos; SEDV, 7,22 puntos; e SPS, 2,92 puntos.

Cuarto. O 8 de setembro de 2026, D.V.S.E. presentou a solicitude de información con rexistro de entrada 202699900001828, interesando copia dos exercicios das persoas



aspirantes aprobadas, da folla de respostas e do detalle das puntuacións por preguntas e apartados.

Quinto. Dita solicitude foi atendida o 9 de setembro de 2026 mediante rexistro de saída 20260000002337. Remitíronse os exercicios das persoas candidatas que superaron a proba, a folla de respostas e a táboa detallada de puntuacións. A documentación foi posta á disposición da interesada ás 13:47 horas e aceptada electrónica mente ás 17:43 horas dese mesmo día.

Sexto. O 9 de setembro de 2026, D.V.S.E. presentou escrito de alegacións con rexistro de entrada 202699900001848 contra as puntuacións asignadas aos exercicios identificados cos códigos 319483, 352396 e 880062.

2. Criterios xerais de revisión

O Tribunal revisa novamente os exercicios afectados, a folla de respostas orientativa e a táboa de puntuacións, atendendo aos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, obxectividade e aplicación uniforme dos criterios de corrección. A revisión comprende a comprobación de posibles erros materiais ou aritméticos, a correspondencia entre o contido efectivamente desenvolvido e a puntuación asignada, e a aplicación do mesmo criterio a todas as persoas aspirantes.

A folla de respostas constitúe unha guía de corrección e non esixe unha reprodución literal. A valoración do exercicio práctico debe atender á capacidade de análise, á aplicación razoada dos coñecementos e á suficiencia da resposta para resolver cada cuestión, conforme ás bases da convocatoria.

Criterio decimal. Mantéñense as puntuacións parciais con dous decimais, por ser este o criterio uniforme aplicado na corrección de todos os exercicios. Os valores 0,286 e 0,222 que figuran na columna de puntuación máxima representan a distribución teórica dos dous puntos correspondentes, respectivamente, entre as sete preguntas do suposto 4 e as nove preguntas do suposto 5. Eses valores non comportan a obriga de empregar tres decimais en cada valoración individual. Aplicar agora o terceiro decimal só ás respostas que obtiveron a puntuación máxima produciría unha revisión selectiva e rompería a homoxeneidade do criterio aplicado. En consecuencia, desestímase a petición de recálculo con tres decimais.

3. Contestación individualizada das alegacións

3.1. Suposto práctico número 2. Pregunta c), exercicio 352396

Alegación: *El aspirante 352396 no contesta esta pregunta y se le otorgan 0,15 puntos. Se debe otorgar una puntuación de "0" en esta pregunta.*



Contestación do Tribunal: Revisado o exercicio, apréciase que a persoa aspirante mezcla na resposta b) contidos das preguntas b, c e d. A puntuación de 0,15 sobre 0,25 responde a ese desenvolvemento parcial e é proporcionada ao contido da resposta.

Conclusión: Desestímase a alegación e mantense a puntuación de 0,15 puntos.

3.2. Suposto práctico número 2. Pregunta d), exercicio 352396

Alegación: *El aspirante 352396 contesta erróneamente la pregunta al referirse a la duración del contrato y no a las circunstancias que deberán constar expresamente en el contrato para justificar la causa de temporalidad y su conexión con la duración prevista, según la plantilla de respuestas. Se debe otorgar una puntuación de "0" en esta pregunta.*

Contestación do Tribunal: A nova revisión confirma que a resposta non resolve o obxecto concreto da pregunta. Non se identifican as circunstancias tácticas que deben constar expresamente no contrato nin a conexión entre a causa temporal e a duración prevista. A puntuación inicialmente asignada non resulta sostible respecto do criterio aplicado.

Conclusión: Estímase a alegación. A puntuación pasa de 0,25 a 0,00 puntos.

3.3. Suposto práctico número 2. Pregunta e), exercicio 352396

Alegación: *El aspirante 352396 contesta erróneamente la pregunta de la duración contractual según la plantilla de respuestas. Se debe otorgar una puntuación de "0" en esta pregunta.*

Contestación do Tribunal: A pregunta está contestada parcialmente na reposta d), a resposta non acada a puntuación máxima, pero contén elementos parcialmente correctos sobre a limitación temporal do contrato e a vinculación da duración coa causa que o xustifica. A puntuación de 0,15 sobre 0,25 xa reflicte as insuficiencias e imprecisións apreciadas.

Conclusión: Desestímase a alegación e mantense a puntuación de 0,15 puntos.

3.4. Suposto práctico número 3. Preguntas a) e b), exercicio 319483

Alegación: *Preguntas a) y b): Al aspirante número 319483 se le otorga una puntuación de 0,50 puntos en cada una de las preguntas. Sin embargo, la puntuación máxima, según la plantilla de puntuaciones facilitada por el tribunal es de 0,40 puntos en cada una. A mayores, en la pregunta B) no contesta a lo que se le pide según la plantilla de respuestas y tampoco lo justifica jurídicamente. Tampoco utiliza las cantidades del supuesto práctico, sino las cuantías del convenio colectivo facilitado*



por el Tribunal para la realización del ejercicio y yendo en contra de las instrucciones que facilitó el propio Tribunal el día de la prueba.

Considero se debe corregir a la baja la puntuación del aspirante ya que, lejos de ser un error de cálculo, las respuestas a estas preguntas no se ajustan a la plantilla de respuestas y, además, las ha contestado obviando las instrucciones del Tribunal previo al inicio de la prueba. Subsidiariamente, para el caso de no ser apreciada esta alegación, se ajuste la puntuación máxima a 0,40 puntos en cada pregunta y no 0,50 puntos como consta.

Contestación do Tribunal:

No enunciado non se pide argumentación xurídica en ningunha das seccións e, aínda que se usan as táboas salariais do acordo e non as de 2026, considérase que os conceptos salariais están adecuadamente identificados, o que se entende como máis relevante que calcular as cantidades exactas.

A táboa remitida fixa unha puntuación máxima de 0,40 puntos para cada unha das preguntas a) e b). A consignación de 0,50 puntos en cada apartado constitúe un erro material, pois ningunha resposta pode superar a puntuación máxima predeterminada. Sen prexuízo de que o contido das respostas foi considerado suficiente para obter a máxima valoración do apartado, procede limitar cada puntuación a 0,40 puntos.

Conclusión: Estímase parcialmente a alegación. As puntuacións das preguntas a) e b) pasan de 0,50 a 0,40 puntos cada unha, cunha minoración total de 0,20 puntos.

3.5. Suposto práctico número 3. Pregunta c), ejercicio 319483

Alegación: *Respecto del cálculo de las cotizaciones obrera y empresarial, el aspirante 319483, no sólo efectúa el cálculo sobre las cantidades erróneas, sino que no realiza el cálculo completo de la cotización al omitir la cotización a MEI, FP y FOGASA, sino que sólo calcula la cotización por contingencias comunes. Por tanto, no se ve justificada la puntuación de 0,30 puntos otorgada, ya que no coincide con la plantilla de respuestas.*

Considero se debe corregir a la baja la puntuación del aspirante ya que, obviando el hecho de que el cálculo se ha efectuado sobre cantidades erróneas que no estaban contempladas en el supuesto práctico, en su cálculo de cotizaciones, faltan tres conceptos fundamentales.

Contestación do Tribunal: A resposta realiza unha aproximación ao cálculo das cotizacións e identifica o núcleo principal da cotización, pero é incompleta e non incorpora todos os conceptos da resposta orientativa. Precisamente por esas omisións non recibiu a puntuación máxima de 0,40 puntos. A valoración de 0,30 puntos recoñece o desenvolvemento útil efectuado e penaliza as carencias sinaladas.



Conclusión: Desestímase a alegación e mantense a puntuación de 0,30 puntos.

3.6. Suposto práctico número 3. Pregunta d), ejercicio 319483

Alegación: *Sobre el ejercicio del aspirante 319483, la respuesta facilitada se ha calculado sobre cantidades erróneas que no estaban contempladas en el supuesto práctico y, además, faltan conceptos de cotización que deben tenerse en cuenta para efectuar el cálculo aproximado del coste total anual que supone para el Concello la contratación del personal laboral Oficial de segunda. Por tanto, considero se debe corregir a la baja la puntuación de este aspirante.*

Contestación do Tribunal: A resposta desenvolve uns cálculos básicos coherentes cos datos utilizados pola persoa aspirante. As inexactitudes e omisións xa se reflectiron ao asignar 0,30 puntos sobre un máximo de 0,40. Non se aprecia fundamento para unha redución adicional.

Conclusión: Desestímase a alegación e mantense a puntuación de 0,30 puntos.

3.7. Suposto práctico número 4. Pregunta a), ejercicio 352396

Alegación: *El aspirante 352396 contesta erróneamente a la pregunta según la plantilla de respuestas. Indica que el Concello tiene el plazo de 15 días desde el inicio de la actividad para dar de alta al trabajador en la Seguridad Social. Sin embargo, por ley se debe dar de alta al trabajador siempre previo inicio de la actividad y con un máximo de 60 días naturales tal y como consta en el artículo 32 RD 84/96. Corresponde otorgar la puntuación de "0" puntos y no 0,14 puntos.*

Contestación do Tribunal: A resposta evidencia coñecemento parcial da existencia dunha obriga temporal de alta e da responsabilidade empresarial. O Tribunal aplicou unha valoración parcial de 0,14 puntos, claramente inferior á máxima teórica, de modo coherente co carácter incompleto e erróneo da contestación.

Conclusión: Desestímase a alegación e mantense a puntuación de 0,14 puntos.

3.8. Suposto práctico número 4. Pregunta b), ejercicio 352396

Alegación: *Al igual que en la pregunta anterior, el aspirante 352396 consta erróneamente según la plantilla de respuestas y, aun así, se le otorgan 0,16 puntos. El aspirante indica que el alta no se puede solicitar con antelación cuando el citado artículo permite hacerlo con un máximo de 60 días antes del inicio de la prestación. Corresponde otorgar la puntuación de "0" puntos y no 0,16 puntos.*

Contestación do Tribunal: A nova revisión confirma que a resposta non resolve o obxecto concreto da pregunta. Non se identifican as circunstancias tácticas que deben constar expresamente no contrato nin a conexión entre a causa temporal e a duración



prevista. A puntuación inicialmente asignada non resulta sostible respecto do criterio aplicado.

Conclusión: Estímase a alegación e corríxese a puntuación a 0 puntos.

3.9. Suposto práctico número 4. Pregunta e), exercicio 880062

Alegación: *Respecto de esta pregunta al aspirante número 880062 se le da la menor puntuación de los tres aspirantes aprobados. Sin embargo, tiene la respuesta más completa, de conformidad con la plantilla de respuestas y con las bases del procedimiento, al incluir, a diferencia del aspirante 319483, el fundamento jurídico. También destaca que se otorgue mayor puntuación al aspirante 352396 quien obvia indicar como consecuencia inmediata del no ingreso de las cuotas de la seguridad social los recargos y posibles intereses de demora que puede acarrear este incumplimiento y quien tampoco menciona fundamento jurídico alguno. Considero que, a la vista de las respuestas, se debe otorgar al aspirante 880062 la puntuación máxima en esta pregunta de 0,286 puntos.*

Contestación do Tribunal: na avaliación das respostas, tivéronse en conta os erros cometidos, no caso da solicitante 880062 responde que as taxas só poden ser reclamadas polo ITSS e non polo TGSS, polo que se entende que merece unha valoración inferior á dos outros solicitantes.

Conclusión: Desestímase a alegación e mantense a puntuación de 0,20 puntos.

3.10. Suposto práctico número 4. Pregunta g), exercicio 352396

Alegación: *El aspirante 352396 se le otorgan 0,24 puntos en esta pregunta y, sin embargo, en su examen no aparece contestada esta pregunta.*

Contestación do Tribunal: Comprobose a existencia dun erro material de imputación na táboa, consecuencia da alteración no exame do candidato do orde das preguntas respondidas: os 0,24 puntos consignados na pregunta g) corresponden realmente á resposta da pregunta d), relativa ás actuacións da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. A pregunta g) debe figurar con 0,00 puntos e a pregunta d) con 0,24 puntos. A rectificación non altera o total do suposto 4 nin a puntuación global do exercicio 352396.

Conclusión: Estímase a alegación para rectificar a imputación, sen variación da puntuación total do suposto.

3.11. Suposto práctico número 4. Peticións sobre máximos e terceiro decimal

Alegación: Solicítase corrixir determinadas puntuacións máximas dos exercicios 319483 e 880062 e tomar en consideración o terceiro decimal.



Contestación do Tribunal: As puntuacións efectivamente asignadas aplicáronse con dous decimais de maneira uniforme. Os valores 0,286 son unha distribución teórica dos dous puntos entre sete preguntas e non unha obriga de asignación exacta a tres decimais. A máxima puntuación operativa utilizada na corrección foi de 0,28 puntos por pregunta, sen que proceda incrementar selectivamente os apartados citados.

Conclusión: Desestímase a alegación.

3.12. Suposto práctico número 5. Preguntas a) e b), exercicio 880062

Alegación: *El aspirante 880062 contesta correctamente a la pregunta según la plantilla de respuestas y, a mayores, en la pregunta b) aporta fundamento jurídico conforme a las bases que rigen el presente procedimiento selectivo. Considero que debe otorgar la puntuación máxima al aspirante 880062 ya que, en comparación con la respuesta dada por el aspirante 352396 quien ha respondido exactamente lo mismo, sin fundamentación jurídica a este sí se le ha otorgado la puntuación máxima.*

Contestación do Tribunal: As respostas identifican a posibilidade de substitución e a modalidade contractual aplicable, pero a valoración atende tamén á precisión, ao desenvolvemento e á completitude. As puntuacións de 0,18 e 0,20 puntos recoñecen o contido correcto sen equiparalo necesariamente á máxima valoración. Ademais, o criterio uniforme foi expresar as puntuacións con dous decimais; o valor 0,222 é a distribución teórica de dous puntos entre nove preguntas.

Ambos aspirantes responden correctamente, polo que o aspirante 880062 tamén obtén unha puntuación próxima ao máximo, sen embargo, revisada a redacción das respostas dos tres exames o tribunal acorda corrixir a puntuación do aspirante 880062.

Conclusión: Estimase a alegación e corríxese a puntuación 0,18 puntos na pregunta a) e 0,20 puntos na pregunta b), que pasa a ser de 0,22 cada una.

3.13. Suposto práctico número 5. Petición xeral de uso do terceiro decimal

Alegación: Solicítase recalcular as puntuacións máximas tomando en consideración tres decimais.

Contestación do Tribunal: O uso de dous decimais foi xeral, previo e uniforme para todas as persoas aspirantes e todos os apartados. O recálculo solicitado só para respostas máximas introduciría un criterio novo e selectivo. Os posibles restos derivados da división matemática non xeran por si mesmos dereito a incrementar unha puntuación parcial nin poden aplicarse unicamente aos apartados favorables á persoa alegante.

Conclusión: Desestímase a alegación.



4. Efectos das correccións

As correccións estimadas producen os seguintes efectos:

- O exercicio 319483 redúcese en 0,20 puntos, ao limitar a 0,40 puntos a valoración máxima das preguntas 3.a) e 3.b), A súa cualificación pasa de 6,01 a 5,81 puntos.
- O exercicio 352396 redúcese en 0,41 puntos pola corrección das preguntas 2.d) e 4.b). A rectificación da imputación entre as preguntas 4.d) e 4.g) non altera o subtotal. A súa cualificación pasa de 5,00 a 4,59 puntos.
- O exercicio 880062 obtén unha cualificación de 7,28 puntos, pola corrección das preguntas 5a) y 5b), que pasan a cualificarse en 0,22 puntos cada unha.

Ao quedar o exercicio 352396 por baixo dos 5 puntos, deixa de superar a segunda proba, que ten carácter eliminatorio.

5. Acordo

Primeiro. Estimar parcialmente as alegacións presentadas por DVSE co número de rexistro de entrada 202699900001848, nos termos expostos nesta contestación.

Segundo. Corrixir a puntuación do exercicio 352396 nas pregunta 2.d) e 4.b) do suposto práctico que pasan a 0,00 puntos.

Terceiro. Corrixir as puntuacións do exercicio 319483 nas preguntas 3a) e 3b), que pasan de 0,50 a 0,40 puntos en cada apartado.

Cuarto. Rectificar o erro material de imputación do exercicio 352396 no suposto práctico número 4, facendo constar 0,24 puntos na pregunta d) e 0,00 puntos na pregunta g), sen alteración do subtotal do suposto.

Quinto. Corrixir as puntuacións do exercicio 880062 nas preguntas a) e b) no suposto práctico número 5, que pasan a cualificarse en 0,22 cada unha, polo que obtén unha cualificación de 7,28 puntos

Sexto. Desestimar as restantes pretensións, incluída a utilización de tres decimais, e manter o criterio uniforme de puntuación con dous decimais.

Sétimo. Fixar as cualificacións definitivas da segunda proba nos termos seguintes:



INICIAIS	DNI	PUNTUACIÓN DEFINITIVA	RESULTADO
LVS	***0752**	1,30	NON SUPERA
SPJA	***5896**	5,81	SUPERA
CSA	***3995**	4,59	NON SUPERA
SEDV	***0816**	7,28	SUPERA
SPS	***9420**	2,92	NON SUPERA

Oitavo. Publicar as cualificacións definitivas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e, con carácter informativo, na páxina web municipal. De acordo coas bases, as alegacións enténdense resoltas coa publicación das cualificacións definitivas.

Noveno. Non procede a realización da terceira proba da fase de oposición (Coñecemento do idioma galego) dado que ambos aspirantes aprobados acreditan estar en posesión do CELGA 4.

Decimo. Acórdase a **apertura dun prazo de 3 días hábiles** para que os aspirantes que superan a fase de oposición aporten a documentación obxecto de valoración na fase de concurso.

Segundo o establecido nas bases da convocatoria:

FASE CONCURSO (10 puntos) (Non eliminatoria)

A fase de concurso será posterior á fase de oposición, non terá carácter eliminatorio e en ningún caso poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

Só serán obxecto de valoración os méritos que fosen previamente alegados na solicitude inicial e que sexan acreditados documentalmente polas persoas aspirantes que superen a fase de oposición, no prazo que determine o Tribunal mediante anuncio publicado na sede electrónica municipal.

Non se admitirán méritos que non fosen alegados na solicitude inicial nin documentación presentada fóra do prazo conferido ao efecto.

En aplicación do principio de minimización de datos previsto no artigo 5 do Regulamento (UE) 2016/679, non se procederá á valoración nin tratamento da documentación acreditativa das persoas aspirantes que non superen a fase de oposición.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:10 horas do día indicado.

Asdo.

Secretario

Presidente

Vogais.